

Testamento d'o gato de Alongos (1886)

O Tío Marcos d'a Portela, nº 118, 07/03/1886, pp. 5-6.

N-a miña vida coidei de morrer aforcado n-as maus d'eses galafates ou d'eses perros xudíos, téndome tan estimado como me tiñan os meus amos, pero a conta saíume ô rivés, pois desque un día que me botou a mau pol-o lombo o xudío que m'enforcou e dixo qu'estaba bô pra unha comedela, xa dei en desconfiar de tales láparos, pois xa tiñan ido buscar prixel y-autros adramás ond'os veciños pra comer mais compañeiros meus.

Esto en Alongos está en moda; pois tamén n-a víspera de san Martín a compañía patibular comeu outro n-a casa d'o Aviñao d'Outeiro. Esto púdeno contar con saúde; e denantes que se m'acabe o folgo vou dispor d'as miñas cousas, que é moi xusto que ll'as deixe á quen tanto s'acorda de min, tendo ánsia de facerme os entremeses e mais d'o enterro, pero que teñan en conta que me deixen ben enterrado que sinon levantareime d'a cova e rabuñareinos, que por algo teño sete folgos como gato.

Eu, Pantarrufas Elecis, raza d'Angola, fago testamento a nome d'unha centella que os parta á favor d'os cinco xudíos d'a Petada e mais d'outros compañeiros que son tan bôs com'eles, que lembrarei cando me cadre.

Promeiramente déixoll'ó xudío que m'escorrentou d'entr'a ferrana d'o señor Santiago, as vinte uñas, por mais que deixo de mala gana á un hirmau que n-este mundo me queda e leva o mesmo meu nome, que as d'él xa lle van gastadas d'arrabuñar n-a carniza do Concello, pero déixollas á quen m'aforcou pra que saque as papas d'a gorxa e mais para que cando lle lea os papês á maritornes non-os deixe saltar d'elas. Item déixolle pr'os outros catro hirmaus a miña pelica enteira, sin que naide teña que ver co-ela, pra que tapen a cara xa que non poden traguela ô descuberto. Item, déixolle pr'o Círgolas xa que vai vello e tivo calma pra faguer os entremeses, todol-os miolos d'as tripas e dous graus que me sairon entr'os lacós xa qu'él anda famento d'eles. Item, déixolle ô Cigarreiro aquel canibote qu'o [sic] que corrín o antroido co-as gatas d'este lugar, que deica pouco son todas, déixolle á él pra que regue a sua casa, e que ninguén de fora lle veña regar.

Item, déixolle ô Pataco os zancos de tras, pra que c'unha cesta de patacas pase o antroido ben divirtido e traya a panza chea cando veña pra rubir ô taboleiro, que non sei se baixará vivo d'él; poida qu'os cinco xudíos o crucifi quen. Item, déixolle ô Xenro d'o Calañés a cabeza enteira pra unha caixa d'as agullas, e que lle saque os miolos e d'eles que poña unha cataprasma entr'os cadrís por ver si lle cerran as llagas e si lle calman os doores que dempois víralle o color. Item, déixolle ô Chupalámparas as duas maus dianteiras porque sei que non lle gusta a carne muy gorda cicais porqu'está

afeito á comela ben seca, que a que baila co-a sombra non ten nada de gorda, pois ten mais de tola que d'outra cousa.

Item mais, non podéndome esquecer d'o meu hirmau dempois de saber tanto como lle gusta a carne xa sea de lebre xa sea d'ovella, déixolle tod'o medio d'entr'as patas de tras e d'as d'iante, os riños y-os fígados (e Dios queira que se trouse co-eles e bote os bofl es). Déixolle mais o rabo enteiro e verdadeiro pra que limpe o polvo d'os vidros d'a ventana pra c'os veciños vexan cando toma o chicolate. Por último, déixolle o encargo á meu hirmau que m'enterre no seu bandullo con patacas, pimento e sal.